Foi elixido no Pleno da Cámara do pasado 12 de maio

O PARLAMENTO ACOLLE MAÑÁ A TOMA DE POSESION DE JESÚS PALMOU COMO CONSELLEIRO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Santiago, 28 de maio de 2009.- O Parlamento de Galicia acolle mañá, venres, o acto formal de toma de posesión de Jesús Palmou Lorenzo como conselleiro do Consello de Contas de Galicia.

O acto desenvolverase a partir das 12,00 horas no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia baixo a Presidencia de Pilar Rojo e coa asistencia de diferentes convidados.

Jesús Palmou foi elixido para esa nova responsabilidade no Pleno do Parlamento do pasado 12 de maio e substitúe como conselleiro do Consello de Contas a Pedro Puy Fraga, que formalizara a súa renuncia para presentarse como candidato ás Eleccións autonómicas.

Nacido en Rodeiro en 1947, Palmou Lorenzo é doutor en Dereito. Foi conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia no Goberno de Manuel Fraga, secretario xeral do PPdeG e deputado no Parlamento de Galicia durante varias lexislaturas.

No Parlamento Galego, Jesús Palmou ten participado activamente na elaboración de leis como a de Dereito Civil de Galicia, a do Recurso de Casación, a de Arrendamentos Históricos ou a de Fundacións de Interese Galego, entre outras. Está en posesión de numerosas condecoracións, como a Cruz de Honra de San Raimundo de Peñafort.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es